

# **Instrucción II/2001 da Xerente da Universidade de Santiago de Compostela pola que se regula a dotación de vestiario profesional ó persoal laboral**

O artigo 43 do Convenio Colectivo do persoal laboral establece que en materia de roupa de traballo e vestiario, as universidades proporcionarán anualmente ós traballadores diversas pezas, en función das categorías e actividades que realicen.

Co fin de que a dotación e recollida das prendas se leve a cabo coa debida coordinación e puntualidade e, unha vez informado o Comité Intercentros do Persoal Laboral, a xerente, en uso das competencias atribuídas pola resolución rectoral do 1 de febreiro de 2000, dispón:

1. A solicitude de prendas de traballo correspondentes ó ano 2001 cubrirase e presentarase persoalmente, no Servicio de Xestión de Persoal (Casa da Balconada, Rúa Nova 6) e na Vicexerencia de Lugo (Servicios Centrais, Campus Universitario, 27002-Lugo).
2. O prazo de solicitude será dende o 1 ó 31 de marzo do presente ano en horario de 9 a 12.
3. Ó traballador se lle entregará un resgado selado polo Servicio de Xestión de Persoal ou pola Vicexerencia de Lugo no momento en que presente a solicitude.
4. Os traballadores destinados en Santiago, deberán acudir co resgado á Empresa Concesionaria: POSIMAR, Avda. Rodríguez de Viguri, 6-8 baixo, Santiago de Compostela, para que esta anote o vestiario solicitado e tome as medidas para a tallaxe das prendas e do calzado. Os destinados en Lugo serán avisados pola Vicexerencia do día en que a Empresa se desprazará a esa cidade.
5. Única e exclusivamente no momento de recibir as prendas solicitadas, o traballador entregaralle o resgado asinado á Empresa Concesionaria. A perda ou entrega indebida do resgado, quedará baixo a responsabilidade total do traballador solicitante.
6. A Empresa Concesionaria facturará á Universidade os importes correspondentes, acompañando os resgados que deben estar debidamente asinados polos traballadores e co selo do Servicio de Xestión de Persoal ou da Vicexerencia.

En todo o non regulado nesta instrucción estarase ó disposto no xa mencionado artigo 43 do Convenio Colectivo.

Santiago de Compostela, 19 de febreiro de 2001  
O VICEXERENTE,  
José Manuel Villanueva Prieto